

CURSO 2023-2024 - LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado con Inglés pendente de cursos anteriores deberá seguir un protocolo de recuperación baseado na realización de actividades de reforzo e repaso nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

Tamén se terán en conta, por tratarse dunha materia progresiva, os resultados do curso actual no que está matriculado o alumno:

- **Se aproban a 1ª e 2ª avaliación no curso actual terán recuperada a materia pendente.**

O alumnado será informado trimestralmente no boletín de avaliación.

- **1ª avaliación:** Dado que os contidos da Lingua Inglesa correspondentes á 1ª avaliación son repaso e reforzo do curso anterior a nota de Inglés pendente nesta avaliación será a mesma que acaden no curso actual.
- **2ª avaliación: Proba obxectiva escrita** de toda a materia pendente (comprenderá reading, writing, grammar and vocabulary). A nota desta avaliación será a mais favorable ao alumno entre dita proba escrita ou a nota de avaliación do curso actual.
- **3ª avaliación:** Os alumnos que non acadaron una cualificación positiva na 1ª e 2ª avaliación terán unha **RECUPERACIÓN** cunha **proba obxectiva escrita** de toda a materia (comprenderá reading, writing, grammar and vocabulary).

Estas probas serán cualificadas cun 100%.